

PLANET LINGUA, S.L.



Tíñamos un historial académico e profesional que nos permitía ofrecer un servizo rigoroso e de calidade nun mercado claramente insatisfeito

Mauro Vigiano

Datos básicos

Actividade:	Servizos de tradución e interpretación e clonación de páxinas web
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	3
Inversión inicial	12.925 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios.
Web:	www.planetlingua.com
Municipio:	Laracha, A Coruña
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

Planet Lingua SL. é unha empresa multilingüe que ten como principais produtos a tradución, a interpretación e a clonación de páxinas Web de / aos principais idiomas europeos (inglés, español, alemán, francés, portugués, italiano) e do / ao galego. Caracterizámonos sobre todo por utilizar as novas tecnoloxías como vía de comunicación. Este feito tradúcese nunha xestión áxil e eficaz do traballo. Mantemos acordos con tradutores nativos en Europa e América do Sur / EE.UU. que participan como colaboradores, ademais somos asesorados por consultores externos nas áreas de finanzas, contabilidade, marketing, publicidade, informática, etc.



Datos empresa

Claves do éxito

Ao ter unha estrutura pequena, creo que podemos fidelizar ao cliente a través dun trato personalizado. Ademais, cumprimos sempre os prazos de entrega e coidamos a calidade no servizo. A seriedade é unha clave importante. Tamén nos axudou o feito de ser curiosos e innovadores e buscar ferramentas e técnicas novas que apoiasen o noso traballo, como por exemplo asistentes de tradución que apoian o traballo humano.


Situación actual

Agora podemos ollar para atrás e ver que estamos a medrar. Durante os dous primeiros anos, a curva de ingresos e gastos semellaba un cardiograma, e agora vemos que é moito máis estable, sobre todo gracias aos clientes que fidelizamos e que nos envían traballos con regularidade. A nosa maior dificultade é vender un servizo intanxíbel. En determinados países como por exemplo Suíza, a tradución considérase un servizo necesario que a xente demanda con naturalidade, mesmo cando contan con catro idiomas oficiais. Pero en Galicia hai moi poucas empresas que exportan. E outro problema é que, como se comentaba antes, existe moito intrusismo no sector. Moitas pequenas empresas locais recorren en ocasións a algún empregado ou coñecido con certa experiencia no exterior para facer traballos que deberían ser rigorosos. O problema de moitas empresas é que non son conscientes de que o traballo de tradución require profesionalidade e formación moi específica. Unha presentación corporativa dunha empresa con erros ortográficos ou gramaticais, perde fiabilidade e deixa de xerar novos negocios. Un manual de instrucións cun erro de interpretación pode supor graves problemas na instalación ou manexo dunha máquina. En definitiva, a falta de calidade nun traballo de tradución tradúcese nunha perda de ingresos valorábel.

Perfil cliente

Dirixímonos sobre todo a un perfil de empresas e industrias que teñen actividade co exterior e necesitan dos nosos servizos para múltiples funcións como por exemplo traducir manuais de instrucións, deseñar unha imaxe corporativa para o exterior ou internacionalizala, desenvolver accións de comercio exterior, etc. En todo caso, trátase de empresas que necesitan unha comunicación con clientes que non son hispano parlantes.





Idea inicial

A idea xurdiu a raíz da nosa situación. Tiñamos un historial académico e profesional que nos permitía desenvolver este proxecto. Por outra parte, existía mercado insatisfeito, e decidimos que íamos a cubrir esa demanda ofrecendo un servizo rigoroso e de calidade.

Deseñamos entón un proxecto empresarial co obxectivo de nos converter nunha empresa de comunicación virtual orientada principalmente á divulgación multilingüe no dominio de Internet e on-line, cuxo obxectivo estratéxico fose ofrecer os seus produtos nas autoestradas da comunicación. A nosa meta traduciríase en ser empresa de referencia en España, por calidade, relación personalizada co cliente e innovación nos seus servizos de tradución e interpretación.

Principales dificultades y amenazas futuras

Como todo pequeno negocio, unha das nosas dificultades está relacionada co feito de ter un estrutura enxoita que nos fai dependentes de algúns servizos externos, é dicir, necesitamos subcontratar. Na xestión de recursos humanos, somos dependentes do factor externo, e quizais a nosa ubicación en Galicia non nos axuda a gañar máis mercado, aínda que gracias a Internet, estamos a expandirnos vía web.

A maior ameaza é continuar pensando en pequeno e estar ubicados nunha zona que non ten unha grande demanda deste servizo.

Outra ameaza consiste en que o mercado das traducións está enormemente atomizado, xa que, ao non estar regulamentado por lei, permite que calquera opere en calidade de tradutor ou intérprete. De aí que moitos estudantes que posúen algún coñecemento dun idioma traballen como tradutores.

Perfil promotores

Mauro Vigiano, natural de Brasil, é enxeñeiro e viviu en Alemania e EE.UU. durante varios anos. En São Paulo, Brasil, traballou nunha multinacional norteamericana no sector da agroindustria.

A empresa conta con outra socia máis.



Aptitudes necesarias

Desde logo, ter coraxe para emprender unha actividade, pero tamén a humildade de querer aprender sempre e a dedicación de moito tempo e esforzo.

Guía de Actividad

Tradutores e intérpretes (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón
Ser o meu propio xefe

A independencia que proporciona
Gañar cartos

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Ademais da miña experiencia en traballos anteriores, en Galicia realicei un curso na Cámara de Comercio sobre formación empresarial, e tamén fixen o curso do programa Lanza do IGAPE.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, creo que o coñecemento técnico da actividade da túa empresa é fundamental, pero moitas empresas fracasan por esquecer o aspecto económico.

Anecdótico

Temos un apartado na páxina web: "consultorio lingüístico virtual" para a xente que ten pequenas dúbidas, soluciónámolas. Ás veces sorpréndenos ver que moitas persoas, sobre todo xente nova, ven con letras de cancións de grupos famosos, ou mesmo con correspondencia privada, para a traducir ao español.



